


ESPECIALIDADES

Que se poden estudar no conservatorio

Acordeón
Canto
Clarinete
Clave
Contrabaixo
Fagot
Fruita travesa
Gaita
Guitarra
Óboe
Órgano
Percusión
Piano
Saxofón
Trombón
Trompa
Trompeta
Tuba
Viola
Violín
Violoncello



 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Conservatorio Profesional de Música de Ourense



Rúa Pablo Iglesias s/n
32004 OURENSE

●
Teléfono 988 391047
Fax 988 391971
●

e-mail: cmus.ourense@edu.xunta.es
www.conservatoriourense.org



XUNTA DE GALICIA



Con esta pequena guía pretendemos cando menos, contribuir ó mellor coñecemento do conservatorio. Esperamos que resulte ser un instrumento útil na relación entre o centro e as familias, dando a coñecer a organización da vida escolar.


O conservatorio é un centro de ensino destinado á formación de futuros profesionais da música, hai que ter en conta a dedicación e o tempo de estudo necesario para que a formación sexa axeitada. As ensinanzas de música proporcionanlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garanten a cualificación profesional dos futuros profesionais da música. A diferenza da escolas de música que teñen como fin acoller a aquelas persoas que buscan na música soamente unha afición.

Coñécenos- Os conservatorios profesionais e superiores de música pertencen á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo tanto son ensinanzas públicas e con titulación oficial. No conservatorio temos a posibilidade de acercarnos á música e formarnos profesionalmente... é necesario ter un instrumento na casa para estudar ou vir ao centro ás cabinas de estudo. Sen un estudo constante e diario é moi difícil aprender a técnica necesaria para dominalo instrumento. Non so o estudo forma ao músico, tamén é importante unha educación auditiva. No conservatorio celébranse audicións e concertos de alumnos onde hai a posibilidade de escoitar ós compañeiros, tocar e coñecer o escenario. Célebrense tamén concertos con músicos con experiencia que fan da música a súa vida e viven para ela. É necesario escoitalos xa que enriquecemos o noso espírito e aprendemos o carácter profesional da ensinanza da música.



EN QUE CONSISTEN AS ENSEINANZAS DE MÚSICA

As ensinanzas de música divídense en dous tipos. Regradas (con titulación oficial) e non regradas. As ensinanzas regradas de música divídense en tres graos: elemental, profesional e superior. No Conservatorio de Música de Ourense impártense as ensinanzas regradas dos graos elemental e profesional. As ensinanzas non regradas de música cúrsanse nas escolas de música.



GRAO ELEMENTAL

Como se accede ?

Mediante unha proba na que se valoran prioritariamente as aptitudes musicais dos interesados e a idade idónea para se iniciaren nas especialidades instrumentais.

A idade mínima é de 8 anos e a máxima de 14, cumpridos ou para cumprir dentro do ano natural.

A selección de alumnos efectúase no mes de xuño, unha vez publicado polo centro o número de prazas vacantes en cada especialidade.

Que acreditación se obtén?

Os alumnos que ao remate do grao elemental acaden os obxectivos establecidos recibirán o correspondente certificado acreditativo. Xa que logo, neste grao non se obtén titulación.

A duración dos estudos do grao elemental abrangue catro anos académicos.

GRAO PROFESIONAL

Como se accede ?

Para iniciar os estudos de grao profesional compre superar unha proba. Tamén se pode acceder mediante proba a calquera outro curso do grao medio sen ter superados os anteriores.

Realízase nunha convocatoria anual no mes de xuño. Cada centro publica o número de vacantes por cada especialidade con anterioridade á matrícula.

Non hai límite de idade para o acceso a este grao.



Que acreditación se obtén?

- Título profesional: obtense ao superar os estudos do grao profesional de música.
- Título de bacharel en música: obtense ao superar as materias comúns do bacharelato e o grao profesional.

A duración dos estudos do grao profesional de música abrangue seis anos académicos.

Como se poden compaxinar os estudos de música coa ESO ?

Os alumnos que cursan simultaneamente o grao profesional de música e a ESO pódense beneficiar dunha serie de validacións que serven para paliar os efectos que pode producir a consecuente sobrecarga lectiva. Para isto, poden validar a área de Música, así como as materias optativas da ESO.

Que é o bacharelato en música ?

O bacharelato en música é a integración do grao profesional de música e mais as materias comúns do bacharelato. Pódense simultanear os estudos de música cos de ESO e Bacharelato no IES Portovello c/ Luis Trabazo, 1 - As Lagoas.



GRAO SUPERIOR

Como se accede?

Compre superar unha proba ao igual que no grao profesional. O grao superior abrangue catro cursos de duración en todas as especialidades, agás nas de composición, dirección de coro e dirección de orquestra, que teñen unha duración de cinco cursos.

Que acreditacións se obtenden ao superar o grao superior?

Os alumnos que superan este grao teñen dereito ao título superior, equivalente para todos os efectos á licenciatura universitaria.